

XXVII CICLO DE ÓRGANO E MÚSICA ANTIGA


14, 21 e 28 de Agosto ás 20 horas

**Colexiata Santa María a Real
Xunqueira de Ambía**

**Domingo 14 de agosto
Ars Combinatoria**

**Domingo 21 de agosto
Rosana Orsini
Marco Brescia**

**Domingo 28 de agosto
Marisol Mendive**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE

Xunqueira de Ambía

Saúdo do Alcalde

Un ano máis o concello de Xunqueira de Ambía ten a lelicia de presentar o Ciclo de Órgano e Música Antiga na súa XXVII edición. Acadando xa ser un referente cultural dentro da música de órgano na nosa comunidade.

A música e a arquitectura son artes, que permiten crear espazos nos que o home pode desenvolver a súa existencia. Se importante é a música, tamén é o espazo que a reviste, que nos devolve os sons transformados a través das bóvedas e do tacto das pedras...

Con esta idea nace o ciclo de órgano deste Concello, coa intención de vencellar dous aspectos fundamentais, por un lado a música antiga e por outra, a posta en valor dunha parte do noso patrimonio histórico e doutra mediante a celebración de concertos nun entorno de interés arquitectónico artístico e cultural, tendo como protagonista o órgano da colexiata.

Agradecer o traballo realizado por todas aquelas persoas e Institucións que fixeron e fan posible que hoxe poidamos estar celebrando un novo ciclo de Órgano e Música Antiga no concello que teño a honra de presidir.

Un saúdo

José Luis Gavilanes Losada
Alcalde de Xunqueira de Ambía

Saúdo do Párroco

Din que a vida é coma un piano. As teclas brancas representan os momentos felices da vida; as teclas negras, os tristes. Ambas dan música ó río da vida.

¡No órgano de Xunqueira de Ambía durante os concertos do ano 2016 tódalas teclas son brancas!

A violinista Anne-Sophie Mutter di que o mundo necesita “embaixadores de música”. A máis grande violinista do noso tempo ven de expresar: “a xente sente a necesidade da música máis ca nunca”.

A nosa FELICITACION ó Concello de Xunqueira, porque cada ano é o mellor embaixador de música, cos xa tradicionais Concertos de Verán.

A nosa felicitación ás parroquias de Abeleda, Armariz, San Pedro de Ribeira, Vilar de Ponte Ambía e Xunqueira, porque o novo párroco, Don Francisco Ferreras Rivas, será un bo embaixador de música.

Adolfo Requejo
Párroco

Domingo 14 de Agosto ás 20:00 horas

Ars Combinatoria

A due canti

Per sonare con ogni sorte di Stromenti
Frescobaldi, Castello y Corelli

Girolamo Frescobaldi (1583-1643)

Il Primo Libro delle Canzoni Roma 1628
Canzona IX a due Canti detta la Gualterina
Canzona X a due Canti detta l'Henricuccia
Canzona XI a due Canti detta la Plettenberger

Dario Castello (1590-1630)

Sonate Concertate Libro Secondo Venecia 1644
Sonata IV a due Soprani

Girolamo Frescobaldi (1583-1643)

Il Primo Libro delle Canzoni Roma 1628
Canzona XII a due Canti detta la Todeschina
Canzona XIII a due Canti detta la Bianchina

Arcángelo Corelli (1653-1713)

Sonate da Chiesa a trè Op.3 Módena 1689
Sonata nº XI para dos Violines y Bajo continuo
Grave
Presto
Adagio
Allegro

Dario Castello (1590-1630)

Sonate Concertate Libro Secondo Venecia 1644
Sonata III a due Soprani

Arcángelo Corelli (1653-1713)

Sonate da Chiesa a trè Op.1 Roma 1683
Sonata nº V para dos Violines y Bajo continuo
Grave
Allegro
Adagio-Allegro-Adagio-Allegro-Adagio

Allegro

Ars Combinatoria

Curriculum

2016 é o ano en que **Ars Combinatoria** celebra os seus 25 anos mantendo a súa inquietude por cantar polifonía do século XVI español... trobar cantigas medievais... tañer cun baixo continuo

A ilusión de ter a capacidade de abarcar calquera forma musical dentro da súa historia, acercándose no posible o compositor e a súa obra, levoúnos o uso de plantillas de intérpretes, técnicas, instrumentos e unha experiencia moi diferente para cada programa.

Con iste obxectivo colaboraron có grupo nas diferentes necesidades musicais no campo medieval os luthieres Germán Arias e Antonio Franco realizando copias de instrumentos medievais no ano 1992, os musicólogos J.C. Asensio, Alfonso de Vicente encargáronse neses primeiros anos da transcripción e asesoramento do repertorio medieval interpretado, ademáis da foniatra Lourdes Querol que nun principio se fixo cargo da formación técnica das voces.

Para Ars Combinatoria non só o material sonoro gobernado por unha unidade musical, é o que achega a producir o acto en si do concerto, senón que unha parte fundamental é a montaxe e a convivencia entre os instrumentistas que traballan durante todo o ano en retiros temporais, invitando e coñecendo sempre músicos novos, dos que pouco a pouco algúns vanse integrando en toda a súa forma de pensar e facer.

Doutra banda, traballar en proxectos escénicos con estéticas moi actuais é un dos obxectivos que están a facerse realidade.

Ars combinatoria ofreceu máis de trescentos concertos tanto a nivel nacional como internacional.

Rosana Orsini
Marco Brescia

Domingo 21 de Agosto ás 20:00 horas

Melchor López

(Hueva, 1759 – Santiago de Compostela, 1822)
Entrada y 7.º Intento

António da Silva Leite

(Oporto, 1759-1833)
Lição 8.ª in feria 6.ª

Melchor López

Dos Sonatas en Sol Mayor

António da Silva Leite

Lição a solo – Ex tractactu Sancti Augustini

Francisco de São Boaventura

(Oporto, fl. 1773-1802)
Gaita para órgão

António da Silva Leite

Ad sacrum sanctum panem

Francisco de São Boaventura

Discurso para órgão

António da Silva Leite

Aria Latina

Rosana Orsini, soprano

Curriculum

Licenciatura en Canto Clásica pola Universidade Federal de Minas Gerais (BRA), posteriormente, obtivo un máster en Canto pola Escola de Música de Manhattan, en Nova York (Estados Unidos), así como unha posgrao en Canto pola Royal Academy of Music de Londres (GBR), con Antonio Florio especializado na interpretación de música antiga no Conservatorio di San Pietro a Majella di Napoli (ITA). É tamén un PhD en Historia Moderna e Contemporánea da Universidade Sorbonne - París IV (FRA) e Ciencias Musicais da Universidade Nova de Lisboa (PRT). Rosana Orsini xa se presentou en teatros de prestixio, salas de concertos e festivais internacionais de música en Europa e nas tres Américas. Ten colaborado con varios grupos dedicados á interpretación de Música Antiga, fundador do conxunto sendo Favola d'Argo.

Marco Brescia, organista

Curriculum

Organista italiano/brasileira especializada na interpretación histórica da música de clave Ibérica e Italiana, Brescia realizou en ciclos de concertos de prestixio e festivais de Europa e América Latina. El ten un Máster en Interpretación Antigua / históricos Organ Music (Cataluña College da Universidade de Barcelona Music / Autónoma) e doutorado en musicología Histórica (Universidade París IV - Sorbonne / Nova de Lisboa). Brescia é director artístico do Festival Internacional de Música Histórico de Diamantina, Galicia Brasil. Polo seu traballo para a preservación e restauración do órgano histórico Almeida e Silva / Lobo de Mesquita de Diamantina (1787) foi concedido polo goberno de Galicia coa Medalla de Honra Presidente Juscelino Kubitschek.

Domingo 28 de Agosto ás 20:00 horas

P. de Araujo (1640-1705)
Batalha en 6º tom

C.Seixas (1704-1742)
Sonata do menor
Toccata en Re Mayor

J. Oxinagas (1719-1789)
Fuga de I modo (sol menor)

J. de Sousa Carvalho (1745-1798)
Toccata en sol menor

A. **Soler** (1729-1783)
Sonata 25 al modo dórico

C.Seixas (1704-1742)
Fuga para órgano en la menor
Toccata en re menor

P. Larrañaga (S. XVII)
Sonata en 5º tono

A.Correa Braga (Circa 1695)
Batalha de 6º tom

Marisol Mendive

Curriculum

Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona, realiza estudos de órgano cos profesores J. L. González Uriol (Zaragoza) e M. Torrent (Grao Superior, Barcelona). Participa en numerosos cursos de perfeccionamento dirixidos polos profesores Daniel Roth, Andreas Arand, Michael Radulescu, etcétera. Traballou durante varios anos como Organista e directora do Departamento de Música do Santuario de Torreciudad (Huesca).

A súa actividade como concertista desenvolveuse en numerosas capitais españolas e diversas cidades de Italia (Roma, Aosta), Bruxelas (Bruxes), Suíza(Lausanne,Neuchatel),Croacia(Humag),Noruega(Oslo),Portugal (Lisboa,Porto,Coimbra).Alemaña(Colonia,Münster,Berlin,Würzburg,Hildesheim,Tatingen,Dormun), México(Saltillo), Madeira(Ponta do Sol).

Ao longo da súa carreira realizou diversas gravacións discográficas entre as que cabe destacar a gravación no ano 2008 en o Órgano de La Seo en Zaragoza da obra inédita D.Joaquin Broto Salamero(1921-2006), último organista deste importante monumento históricoaragonés. O disco é o volume IX da colección órganos Históricos Aragoneses dirixida por Jesús Gonzalo López e patrocinada pola Institución Fernando el Católico e a Diputación de Zaragoza.

Dende a ano 2004 é profesora de órgano do Conservatorio Profesional de Música de Ourense e Directora do Ciclo de Órgano de Xunqueira de Ambía(Ourense).

Recentemente impartiu cursos de música antiga española en Porto (Portugal) e Lausanne (Suíza).

Preside a Asociación de Amigos do órgano "Un anaco non tubo", de recente creación. Esta Asociación nace co propósito de converterse nun elemento dinamizador para a sensibilización da cidadanía en valores como a conservación, o coñecemento e a protección e restauración/rehabilitación do patrimonio organístico de Ourense e de Galicia.

Órgano da Colexiata

Historia

O actual órgano da colexiata de Sta. María a Real de Xunqueira de Ambía é o terceiro coñecido na súa historia. O primeiro órgano do que temos coñecemento data do ano 1536 e foi obra do organeiro de Allariz Bernal Díaz. No século XVII foi substituído por outro de Gaspar de Alaraz. O que hoxe vemos foi colocado en 1759 polo seu constructor Manuel González Maldonado de Santiago de Compostela. A caixa é obra do escultor Xoan de San Martín. Dividido en órgano maior e órgano de ecos, con dous teclados de 45 notas (1ª oitava corta), é un brillante exemplar de época dourada do órgano ibérico, con un soar "plenum" e una potente legüetería.

Disposición do órgano

TECLADO PRINCIPAL

Chirimia	Oboe
Dulzaina	Dulzaina
Bajoncillo de Tenor	Clarín
Trompeta de batalla	Trompeta magna
Trompeta real (interior)	Trompeta real (interior)
Clarón (5 hileras)	Corneta real (6 hileras)
Flautado de violón	Flauta dulce
Zímbala (4 hileras)	Zímbala (4 hileras)
Lleno(4 hileras)	Lleno (4 hileras)
Diez y novena	
Diez y setena	
Quincena	Quincena
Docena	Docena
Octava real	Octava real
Flautado de trece	Flautado de trece

TECLADO DE ECO

Trompeta bastarda	Clarín
Corneta Inglesa (3 hileras)	Corneta real (6 hileras)
Lleno (4 hileras)	Corneta inglesa (3 hileras)
Quincena	Flauta tapada
Octava	Lleno (4 hileras)
Flautado tapado	Flautado trece
6 pistas de contra, 4 pistas de Timbales, Cascabeles	



COLABORA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organiza



**CONCELLO XUNQUEIRA
DE AMBÍA**

Praza San Rosendo nº1, Tel. 988436069 - Fax. 988436040
xunqueiradeambia.org